



P

# PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO de DEBUXO

IES RAMÓN CABANILLAS. CAMBADOS

Curso 22/23

## ÍNDICE

<b>Introdución e contextualización</b> .....	páx.3
--	-------

---

### EPVA 4º ESO

<b>Obxectivos</b> .....	páx.6
Obxectivos xerais do curso.....	páx.6
Obxectivos específicos do curso.....	páx.7
<b>Contribución ó desenvolvemento das competencias clave</b> .....	páx.8
Concrecións para cada estándar.....	páx.11
<b>Unidades didácticas</b> .....	páx.16
<b>Metodoloxía</b> .....	páx.19
Orientación didáctica.....	páx.19
Materiais e recursos didácticos.....	páx.21
<b>Avaliación</b> .....	páx.24
Os referentes para a avaliación.....	páx.26
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	páx.26
Mecanismos de recuperación.....	páx.28
Criterios de cualificación.....	páx.28
Avaliación final ordinaria e extraordinaria.....	páx.30
Avaliación da práctica docente e indicadores de logro.....	páx.30
<b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	páx.33
<b>Elementos transversais</b> .....	páx.35
<b>Actividades</b>	
<b>extraescolares</b> .....	páx.35

---

### DEBUXO TÉCNICO II. 2º BACHARELATO

<b>Obxectivos</b> .....	páx.37
Obxectivos xerais do curso.....	páx.37
Obxectivos específicos do curso.....	páx.37
<b>Contribución ó desenvolvemento das competencias clave</b> .....	páx.38
<b>Perfil competencial de estándares prioritarios</b> .....	páx.41
<b>Unidades didácticas</b> .....	páx.45
<b>Concrecións metodolóxicas que require a materia</b> .....	páx.49
Orientación didáctica.....	páx.49
Materiais e recursos didácticos.....	páx.50
<b>Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado</b> .....	páx.54
Os referentes para a avaliación.....	páx.55
Procedementos e instrumentos de avaliación.....	páx.56
Criterios de cualificación.....	páx.57
Avaliación final, ordinaria e extraordinaria.....	páx.59
Avaliación final de bacharelato.....	páx.59
Avaliación da práctica docente e indicadores de logro.....	páx.60
<b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	páx.63
<b>Elementos transversais</b> .....	páx.64

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

**Esta programación está redactada tendo en conta o seguinte marco legislativo:**

Marco xeral de referencia:

- Constitución Española (art. 27).
- Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia (art.31)

**Marco específico de referencia para ESO e BACHARELATO:**

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece a estrutura da ESO e do bacharelato e o seu currículo básico.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a ESO e o bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesorado adscrito ao departamento

O Departamento está constituído pola profesora **Eva M<sup>a</sup> Cortés Hernández** , profesora titular da materia e Xefa de Departamento, que imparte clase en:

**1º de ESO A, 1ºESO B**

**3º de ESO A, 3ºESO B**

**4º de ESO A/B**

**1º de Bacharelato B/C**

**2º de Bacharelato B/C**

Así mesmo a profesora **Milagros López Conde** do Departamento de Física e Química impartirá neste curso académico a **EPVA** no grupo de **1º de ESO C** como materia afín.

### **EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º ESO**

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

## **DEBUXO TÉCNICO II. 2º BAC**

Desde a antigüidade o ser humano utilizou o debuxo como un medio de representación con que comunicarse e expresarse. O debuxo técnico, cos seus primeiros pasos que se remontan máis de 2.000 anos na historia, representa aquela parte do debuxo que trata de darnos unha visión da realidade da forma máis fiable posible fronte ao debuxo artístico que busca comunicar ideas e sensacións.

O debuxo técnico tal como o entendemos na actualidade nace nos albores do século XIX e toma corpo con achegas posteriores tan decisivas coma a xeometría descritiva, que facilita a representación de formas tridimensionais sobre superficies bidimensionais, e a normalización, aquel conxunto de regras e preceptos que garante o proceso de planificación, elaboración, aplicación e mellora das distintas actividades relacionadas co deseño e a fabricación do produto.

Tradicionalmente os contidos desta materia agrúpanse en tres grandes seccións, sempre relacionadas entre si, aínda que con entidade propia: a xeometría métrica aplicada, utilizada para resolver problemas xeométricos e de configuración de formas planas; a xeometría descritiva, que nos axuda a representar sobre un soporte plano o debuxo de formas e corpos volumétricos; e a normalización, que ten por obxectivo unificar os criterios da representación gráfica.

No desenvolvemento das actividades profesionais que se relacionan co debuxo técnico, cada vez cobra máis forza o uso das novas tecnoloxías, polo que hoxe en día os deseños curriculares tratan de recoller o uso de programas asistidos por ordenador. Con todo, o seu uso non debe ser entendido como un contido curricular máis, senón como unha ferramenta de axuda nun futuro exercicio profesional e no ámbito educativo

# EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

## 4º ESO

## OBXECTIVOS

### OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

A Educación Plástica Visual e Audiovisual contribuirá neste 4º curso a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
  - b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
  - c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
  - d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos decalquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
  - e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
  - f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
  - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
  - h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
  - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO

Os obxectivos específicos da EPVA para este 4º curso son os seguintes:

1. Analizar de forma crítica as calidades estéticas, plásticas e funcionais das imaxes e as formas da contorna.
2. Utilizar técnicas e procedementos propios das linguaxes visuais para a expresión creativa de ideas e experiencias e o establecemento de relacións interdisciplinares con outras materias.
3. Identificar os valores expresivos das linguaxes e soportes en fotografía, vídeo, cinema, televisión, banda deseñada e fotonovela, elixindo a fórmula máis axeitada para a expresión de emocións, vivencias e sentimentos.
4. Valorar o patrimonio artístico e cultural mundial, europeo, español e de Galicia como un medio de comunicación e gozo individual e colectivo contribuíndo á súa conservación, a través do respecto e divulgación das obras de arte.
5. Seleccionar os elementos configurativos das linguaxes visuais e as gráfico-plásticas: formas, elementos de expresión, cor, luz, volume, sistemas de representación e perspectiva en función da mensaxe que se queira transmitir.
6. Aplicarles ás propias creacións materiais e técnicas de expresión plástica valorando os avances no seu proceso creativo e no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
7. Pasar figuras representadas en sistema diédrico a sistemas perspectivados de maneira que sexan eficaces para a comunicación.
8. Expresar, por medio da linguaxe plástica, emocións e sentimentos, vivencias e ideas, entendéndoas como un medio de enriquecemento da comunicación, a reflexión crítica e o respecto entre as persoas.
9. Realizar composicións que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo que supón o proceso creativo.
10. Respetar os sinais de identidade do patrimonio cultural e artístico mundial, europeo, español e de Galicia.
11. Interpretar, con respecto, outras maneiras de expresión visual e plástica diferentes das propias, recoñecendo a diversidade cultural como valor enriquecedor.
12. Analizar os elementos que integran as distintas linguaxes audiovisuais, as súas finalidades e utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de consulta de forma autónoma e crítica e no propio proceso creativo.
13. Participar en actividades de grupo respectando os modos de expresión visual e plástica diferentes aos propios con actitudes de interese, flexibilidade e tolerancia.
14. Desenvolver actitudes de cooperación, constancia no traballo, mantemento da orde e limpeza e conservación do material individual e colectivo.

## CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia «Educación Plástica Visual e Audiovisual» xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiren as competencias clave porque:

Contribúe, especialmente, a adquirir a competencia en conciencia e expresións culturais.

Colabora en gran medida na adquisición da competencia de **sentido da iniciativa e espírito emprendedor** así como a iniciativa e autonomía persoal.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas** na medida en que a creación artística supón un traballo en equipo, promovendo actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade, e contribuíndo á adquisición de habilidades sociais.

Á **competencia para aprender a aprender** contribúese na medida en que se favorece a reflexión sobre os procesos e experimentación creativa, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao medio audiovisual e multimedia fai de esta materia unha ferramenta potente para a mellora da **competencia dixital**.

Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica contribúe a que o alumnado adquira **competencia matemática** e contribúe tamén á adquisición das **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise posterior.

En canto á **competencia en comunicación lingüística**, toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns, e, como tal, a Educación Plástica e Visual integra a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e, con iso, enriquece a comunicación.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribuirá no cuarto curso ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** Desenvolvida ó tratar os contidos de xeometría e empregando a linguaxe simbólica matemática. Adquirida ó utilizar procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.

**Competencia dixital (CD):** Moi desenvolvida na materia de EPVA no contorno audiovisual e multimedia, empregando cada vez máis os recursos informáticos e a tecnoloxía dixital para a creación, estudo e análise de imaxes.

**Aprender a aprender (CAA):** Competencia para aprender a aprender. Trabállase coa reflexión sobre os procesos e a experimentación creativa.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** Moi desenvolvida na EPVA, dado que todo proceso de creación implica a conversión dunha idea nun produto. Apréndese a desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e a autonomía persoal.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** Adquírese fundamentalmente a través desta área, xa que está presente ó longo de todo o currículo. Os alumnos e alumnas aprenden a mirar, ver, observar e percibir, e a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural propio e alleo, desde o coñecemento da linguaxe visual.



COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER					
PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS	RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO			
		A	B	C nivel de logro mínimo	D
Organizar o propio proceso de aprendizaxe en grupo ou individualmente	[4º-EPVAB2.3.1.], [4º-EPVAB4.3.3.], [4º-EPVAB2.1.4.], [4º-EPVAB2.2.1.], [4º-EPVAB2.2.3.], [4º-EPVAB2.2.4.],	- Limitase a realizar as tarefas que non lle requiren esforzo	- Realiza soamente tarefas urxentes	- Prioriza a importancia das tarefas pero non administra adecuadamente o esforzo que lle supón cada unha e non e capaz de modificar a súa planificación se fora necesario.	- Prioriza as tarefas segundo a importancia e o esforzo que lle requiren e avalía o seu plan de xestión do tempo para posibles modificacións e melloras.
Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades.	[4º-EPVAB.1.3.2.],	- Non se propón metas.	- Proponse metas pero inalcanzables, pouco concreta e sóa longo prazo.	- É capaz de propoñerse metas alcanzables pero pouco esixentes.	- E capaz de proporse metas alcanzables a corto, medio e longo prazo que lle supón un reto e unha exixencia persoal.
Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.	[4º-EPVAB2.1.3.],	- Non cre nas súas propias capacidades para aprender e non as emprega	- Se esforza en aprender aínda que non ten confianza nas súas capacidades	- Goza e manifesta interese en algúns aspectos da súa aprendizaxe.	- Goza nas súas aprendizaxes e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:	Aprender a aprender (4º ESO)
--------------------	------------------------------

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:	Aprender a aprender
--------------------	---------------------

Nivel	Área	Estándares
º	EPVA	4º-EPVAB.1.3.2. - Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
4º	EPVA	4º-EPVAB2.1.3. - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.
4º	EPVA	4º-EPVAB2.1.4. - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
4º	EPVA	4º-EPVAB2.2.1. - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
4º	EPVA	4º-EPVAB2.2.3. - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.
4º	EPVA	4º-EPVAB2.2.4. - Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
4º	EPVA	4º-EPVAB2.3.1. - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.
4º	EPVA	4º-EPVAB4.3.3. - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

**CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:**

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación.

**ORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN AGRUPADA DOS ESTÁNDARES DO CURSO**

<b>CURSO</b>	Programación Educación Plástica, Visual e Audiovisual 4º ESO		
<b>NIVEL</b>	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA		Educación plástica, visual e audiovisual (EPVA)

<b>CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN</b>		<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao mínimo para superar o estándar</b>	<b>C.C. do estándar</b>	<b>TRIMESTRES</b>		
<b>Procedemento e instrumento</b>	<b>Peso</b>				<b>T1</b>	<b>T2</b>	<b>T3</b>
<b>PROCEDEMENTO:</b> Observación sistemática	5%	4º-EPVAB4.2.1.-Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	CD CSIEE CCEC			X
<b>INSTRUMENTO:</b> Escala de observación							

<b>PROCEDEMENTO:</b> Análise das producións dos alumnos/as  <b>INSTRUMENTO:</b>  Producións plásticas	85%	4º-EPVAB1.2.1.-Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con certa precisión.	CCEC	X	X	X
		4º-EPVAB1.3.1.-Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	CSIEE CCEC	X	X	X
	4º-EPVAB1.1.1.-Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	CCEC	X	X	X	
	4º-EPVAB1.2.2.-Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	CCEC	X	X	X	
	4º-EPVAB1.2.3.-Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC			X	
	4º-EPVAB1.4.1.-Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	CSIEE CCEC	X	X	X	
	4º-EPVAB1.5.2.-Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	CSIEE CCEC			X	
	4º-EPVAB2.1.2.-Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico	Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	CAA CMCT	X			
4º-EPVAB2.1.3.-Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	CAA CMCT	X	X	X		

	4º-EPVAB2.1.4.-Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	CAA CMCT	X	X	
	4º-EPVAB2.2.1.-Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	CAA CMCT		X	X
	4º-EPVAB2.2.2.-Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	CAA CMCT		X	
	4º-EPVAB2.2.3.-Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado	CAA CMCT		X	X
	4º-EPVAB2.2.4.-Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado	CAA CMCT			X
	4º-EPVAB2.3.1.-Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	CAA CMCT			X
	4º-EPVAB3.1.2.-Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	CCEC	X	X	
	4º-EPVAB3.2.1.-Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a ramado deseño.	Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a ramado deseño.	CSIEE CCEC	X		
	4º-EPVAB3.3.1.-Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	CSIEE CCEC		X	

	4º-EPVAB3.3.2.-Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	CSIEE CCEC	X		
	4º-EPVAB3.3.3.-Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	CSIEE CCEC	X	X	X
	4º-EPVAB3.3.4.-Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	CD CSIEE CCEC			X
	4º-EPVAB3.3.5.-Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	CSIEE CCEC	X	X	X
	4º-EPVAB4.1.1.-Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	CD CSIEE CCEC			X
	4º-EPVAB4.2.2.-Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	CD CSIEE CCEC		X	
	4º-EPVAB4.2.3.-Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	CD CSIEE CCEC	X		
	4º-EPVAB4.3.1.-Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCEC			X
	4º-EPVAB4.3.3.-Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	CAA CD CSIEE CCEC			X

PROCEDEMENTO: Intercambios orais cos alumnos/as	10%	4º-EPVAB1.5.1.-Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	CSIEECCEC	X	X	X
INSTRUMENTO: Posta en común							

## UNIDADES DIDÁCTICAS

### 1.- As formas na natureza

- \* Selección e análise gráfico de estruturas naturais: vexetais e animais.
- \* Realización de esquemas estruturais de follas e flores a partir de modelos naturais.
- \* Creación de composicións con distintas intencións expresivas baseadas en formas naturais.
- \* Realización de apuntamentos do natural de paisaxes e de animais.
- \* Análise do emprego dos elementos plásticos en composicións artísticas baseadas nas formas naturais.
- \* Observación das relacións que se establecen entre forma\*función que condicionan as estruturas naturais.

### 2.- A paisaxe urbana e a súa expresión na arte

- \* Observación de obxectos e escenas da contorna urbana e descrición das súas formas.
- \* Realización de apuntamentos do natural de contornas urbanas próximas.
- \* Elaboración de esquemas de perspectivas prácticas.
- \* Experimentación con diferentes técnicas e materiais na realización de paisaxes urbanas.
- \* Análise da funcionalidade e estética dos distintos elementos presentes na urbe.

### 3 . - Aspectos plásticos da figura humana

- \* Análise das proporcións na figura humana.
- \* Estudo da representación da figura humana na arte.
- \* Realización de debuxos en distintas posturas do corpo humano.
- \* Elaboración de apuntamentos de figuras en movemento.
- \* Análises gráficas de estruturas de rostros.
- \* Experimentación gráfica de caricaturas. Debuxos esquemáticos de xestos e posturas.

### 4.- Fundamentos do deseño

- \* Análise do deseño como proceso de creación de produtos fabricados en serie.
- \* Elaboración de informes sobre os antecedentes do deseño actual.
- \* Realización de análises gráficas en deseño de composicións.
- \* Realización de composicións bidimensionais e tridimensionais mediante o uso de liñas, planos e texturas.
- \* Experimentación coas estruturas básicas do deseño, a partir de exemplos con cortes e desprazamentos.
- \* Análise gráfica de estruturas modulares.
- \* Creación de deseños a partir de estruturas modulares básicas.



### **5.- Deseño gráfico**

- \* Utilización de diversas fontes de información sobre deseño gráfico.
- \* Realización de pequenos estudos teóricos sobre deseño gráfico e a súa influencia nos campos da comunicación.
- \* Análise dos elementos que interveñen e configuran os deseños gráficos nas súas distintas vertentes.
- \* Elaboración de deseños sobre comunicación visual urbana.
- \* Realización de análise de estruturas xeométricas utilizadas en deseños gráficos.
- \* Deseño e construción de envases e embalaxes. Deseño e maquetación de posibles publicacións sinxelas.

### **6.- Deseño publicitario**

- \* Análise do deseño publicitario como medio de comunicación visual.
  - \* Elaboración de carteis publicitarios.
  - \* Realización de estudos acerca dos fundamentos da publicidade sobre mensaxes publicitarias da contorna.
  - \* Elaboración dun mesmo mensaxe publicitaria alternando medios, formatos e soportes.
  - \* Elaboración en grupo de deseños publicitarios.
  - \* Utilización do deseño publicitario en actividades relacionadas co ámbito escolar.
- #### 7 Sistemas de representación
- \* Análise dos fundamentos dos sistemas de proxección.
  - \* Elaboración de exercicios de representación de sólidos en sistema diédrico.
  - \* Representación de figuras planas en perspectiva isométrica.
  - \* Paso de figuras representadas en sistema diédrico a outros sistemas de representación.
  - \* Análise de obxectos e espazos representados en perspectiva cónica.
  - \* Realización de apuntamentos do natural a man alzada utilizando a perspectiva cónica e modificando a posición dos obxectos e o punto de vista.

### **8.- Deseño industrial**

- \* Análise do deseño no espazo como paso previo á fabricación industrial de obxectos.
- \* Elaboración de deseños de obxectos de uso doméstico.
- \* Construción e utilización de escalas de redución e ampliación na representación de obxectos.
- \* Realización de bosquejos tomando como referencia obxectos da contorna e destinados á creación de novas ideas.
- \* Deseño de formas que consideren tanto os aspectos funcionais como os estéticos.
- \* Utilización de sistemas proxectivos convencionais no deseño de obxectos.

### **9.- A fotografía**

- \* Estudo das posibilidades expresivas da imaxe fotográfica.
- \* Estudo das correntes estéticas fotográficas e a súa relación coas demais ramas artísticas.
- \* Análise das estruturas da linguaxe fotográfica.

- \* Realización de reportaxes fotográficas baixo iluminacións distintas e con encadres diferentes.
- \* Experimentación de aplicacións técnicas fotográficas en obras persoais.  
Análise dos xéneros fotográficos e de como se reflicten nos mesmos as distintas realidades sociais.

#### **10.- O cinema**

- \* Análise das estruturas da linguaxe cinematográfica.
- \* Estudo dos xéneros cinematográficos e do reflexo nos mesmos das distintas realidades sociais.
- \* Realización dun proxecto de guión cinematográfico.
- \* Visionado de secuencias pertencentes a diferentes xéneros e épocas do cinema mudo e sonoro.
- \* Observación e análise da estrutura narrativa da linguaxe cinematográfica sobre exemplos diferenciados.

#### **11.- As imaxes dixitais**

- \* Elaboración dun arquivo de imaxes procedentes das novas tecnoloxías.
- \* Observación analítica e crítica de imaxes infográficas aplicadas aos distintos campos de comunicación.
- \* Análise individual e en grupo dos contidos e elementos compositivos presentes en páxinas web.
- \* Observación das barras de ferramentas de programas informáticos e asocialas ás ideas e conceptos de debuxo adquiridos tradicionalmente.
- \* Realización de visitas a espazos de arte cibernético.

#### **12.- Creación de imaxes por computador**

- \* Resolución en parellas ou pequenos grupos de sinxelos exercicios de deseño asistido por computador.
- \* Manipulación de formas mediante xiros, escalados, modificación de cores e texturas, ordenamentos, facendo uso de programas informáticos de fácil acceso.
- \* Visualización de exemplos significativos de cinema de animación e stop-motion.
- \* Observación e análise de exemplos publicitarios realizados con fotografías manipuladas.
- \* Observación e análise de maquetas e deseños tridimensionais virtuais realizados en 3D.

## METODOLOXÍA

### ORIENTACIÓN DIDÁCTICA

Para a consecución destes obxectivos de carácter xeral para toda a etapa, é necesaria unha orientación didáctica que permita o desenvolvemento dos bloques de contidos e a consecución dos estándares de aprendizaxe desta materia a partir dunha **METODOLOXÍA ACTIVA** na cal o principio elemental ha de ser o do fomento da autonomía individual e persoal para aprender a ver e aprender a facer, expresándose de xeito autónomo (fomento da AUTO-EXPRESIÓN) mediante as linguaxes baseadas na percepción visual, estimulando a creatividade e a sensibilidade do alumno, por entender que as manifestacións artísticas brotan de maneira espontánea en todos os individuos como formas de expresión individual.

Preténdese por tanto:

- Provocar no alumnado un encontro coa realidade que o rodea, fundamentalmente a través das súas vivencias e das formas do seu contorno.
- Facilitar a expresión formal das vivencias propias do alumno, partindo da práctica e da observación atenta e racionalmente crítica.
- Procurar a formación do alumno mediante o seu propio traballo, motivación e esforzo, fundamentalmente partindo daqueles temas que máis lle poidan interesar.
- Fomentar a aparición de contidos transversais con outras materias da etapa, promovendo en todo momento a aplicación práctica, significativa e interdisciplinar dos coñecementos adquiridos.
- Conseguir que o alumno comprenda a importancia das linguaxes visuais no ámbito da cultura, da técnica, da imaxe, das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación.

Os dous eixes estruturais da área: SABER VER E SABER FACER, terán un fiel reflexo no enunciado da maioría das propostas. Dentro de cada UNIDADE, ofreceranse unha serie de ACTIVIDADES, con suxestións de observación e análise, case sempre ligadas a conceptos, e de propostas de actividade referidas a procedementos, para practicar o que se aprendeu. Os contidos actitudinais, así como a maioría dos contidos transversais incorporaranse tanto nas imaxes propostas como nos textos e actividades a desenvolver. Así mesmo, integrarán a reflexión oral e escrita que axude ao alumno a evidenciar como se desenvolven os procesos de aprendizaxe.

Desta maneira atenderase aos dous CRITERIOS BÁSICOS DE SECUENCIACIÓN de calquera área:

O da coherencia derivada da lóxica interna da área, que no caso da Educación Plástica, Visual e Audiovisual concrétese na organización didáctica dende estas tres perspectivas:

- A sintaxe das linguaxes visuais.
- A exploración, análise e aprecio do contorno visual e plástico.
- A utilización e análise de técnicas e procedementos expresivos.

O da atención ao desenvolvemento evolutivo de alumnos e alumnas. Para iso non abonda cunha gradación que adecúe a programación a un nivel medio de comprensión dos alumnos e as alumnas do curso, senón que neste caso contémpanse as dous diferentes tipoloxías de mentalidade perceptiva e de tendencia expresiva:

- Háptica, a daqueles individuos que tenden a representar visualmente o seu mundo subxectivo e para os que as relacións entre os elementos dunha composición teñen unha gran importancia emocional.
- Visual, a daqueles que teñen unha gran capacidade para ver o conxunto e situar os detalles dentro del dunha maneira obxectiva, sendo máis fácil para eles identificar e expresar a forma, a cor, a influencia da luz, etc.

Por outra parte, terase moi en conta a importancia, dende o punto de vista madurativo, da actividade produtiva realizada en grupo e en permanente contraste construtivo coa creación individual.

As **ACTIVIDADES** propostas no desenvolvemento de cada unidade temática formarán un todo co núcleo do tema, e serán as seguintes:

- Actividades de adquisición dos coñecementos básicos (enriquecemento conceptual) que permitan o desenvolvemento do traballo persoal de forma organizada e construtiva, facendo fincapé no sentido práctico dos coñecementos e afastándonos do verbalismo e da abstracción innecesaria. Á exposición do profesor seguiralle unha fase de debate e busca de información para aclaración, afirmación e desenvolvemento de ideas polo alumno, que se considera fundamental nos seus procesos de aprendizaxe.
- Actividades de observación e análise, en especial da obra realizada por grandes artistas e deseñadores, como medio para o estímulo da propia capacidade de avaliación estética e de creación do alumno.
- Actividades de comprensión, que lle permitan ao alumno desenvolver persoalmente os coñecementos adquiridos no estudo do tema.
- Actividades de expresión (gráfico-plástica e audiovisual), onde o alumno poña a proba a súa implicación e iniciativa no tema proposto.

Haberá un predominio no tempo dos exercicios de carácter práctico, unha vez que o alumno se atope en posesión dos conceptos necesarios para realizar o seu traballo de forma organizada e construtiva.

Tentarase poñer ao alcance de todos os alumnos os distintos procedementos e técnicas de expresión, a fin de que este elixa os máis adecuados á súa mensaxe, posibilitando o exercicio da súa imaxinación e fantasía, todo iso nun medio ambiente propicio á labor de creación e permanentemente aberto a toda iniciativa.

Exercitarase o entendemento polo alumno do concepto de "ARTE" nas súas distintas vertentes, ampliando e enriquecendo o seu nivel conceptual e amosando o uso que os artistas deron aos elementos da súa linguaxe ao longo da historia.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### **1.- As formas na natureza**

- \* Libros de consulta sobre arte, botánica, zooloxía e paisaxismo.
- \* Revistas, xornais.
- \* Papeis de debuxo branco e de cores, papel vexetal, tesoiras e pegamento.
- \* Lapis e rotuladores de cores.
- \* Acuarelas e/ou témperas, pinceis, cunco de auga e trapos.
- \* Escuadra, cartabón, regra e estilógrafos.

### **2.- A paisaxe urbana e a súa expresión na arte**

- \* Libros de consulta sobre arte e revistas sobre deseño e urbanismo.
- \* Planos e guías turísticas.
- \* Papeis de debuxo branco e de cores, papel vexetal e acetatos.
- \* Lapis de grafito e lapis e rotuladores de cores.
- \* Acuarelas e/ou témperas, pinceis, cunco de auga e trapos.
- \* Escuadra, cartabón, regra e estilógrafos.

### **3 . - Aspectos plásticos da figura humana**

- \* Libros de consulta de arte, anatomía e cómics.
- \* Revistas e xornais.
- \* Papeis de debuxo branco e de cores, papel vexetal, cartóns, plásticos, fíos, tesoiras e pegamento.
- \* Lapis de grafito e lapis e rotuladores de cores.
- \* Acuarelas, tintas e/ou témperas, pinceis, cunco de auga e trapos.
- \* Escuadra, cartabón, regra e estilógrafos.

### **4.- Fundamentos do deseño**

- \* Libros de consulta sobre deseño gráfico, de interiores, arquitectura, moda e industrial.
- \* Revistas, dominicais e prensa diaria.
- \* Lapis de grafito, de cores e rotuladores.
- \* Papeis de debuxo, vexetal e cartolinas de cores.
- \* Persoais de debuxo, tesoiras e pegamento.
- \* Témperas e/ou acuarelas, cunco e pinceis.

### **5.- Deseño gráfico**

- \* Libros de consulta sobre deseño gráfico, de envases e embalaxes e tipografías.
- \* Revistas, dominicais e prensa diaria. Envases diversos.

- \* Lapis de grafito, de cores e rotuladores. Estilógrafos.
- \* Papeis de debuxo, vexetal, cartóns e cartolinas de cores.
- \* Persoais de debuxo, tesoiras e pegamento.
- \* Témperas e/ou acuarelas, cunco e pinceis. Fotocopiadora e recursos informáticos.

#### **6.- Deseño publicitario**

- \* Libros de consulta sobre deseño gráfico, deseño publicitario e tipografías.
- \* Revistas, dominicais e prensa diaria. Vídeos e/ou DVD publicitarios. Folletos e catálogos.
- \* Lapis de grafito, de cores e rotuladores. Estilógrafos.
- \* Papeis de debuxo de distintos tamaños, calidades e cores.
- \* Persoais de debuxo, tesoiras e pegamento.
- \* Témperas e/ou acuarelas, cunco e pinceis. Fotocopiadora e recursos informáticos.

#### **7.- Sistemas de representación**

- \* Libros de consulta e ampliación sobre os sistemas de representación.
- \* Revistas, dominicais e prensa diaria. Folletos e catálogos.
- \* Lapis de grafito, de cores e rotuladores. Estilógrafos de diferentes grosores.
- \* Papeis de debuxo distintos tamaños e calidades. Papel vexetal.
- \* Persoais de debuxo, tesoiras e pegamento.
- \* Pezas ou sólidos de plástico ou madeira.  
Fotocopiadora e recursos informáticos.

#### **8.- Deseño industrial**

- \* Libros de consulta especializados no deseño tridimensional e normalización.
- \* Revistas, folletos e catálogos sobre mobiliario e obxectos de uso doméstico.
- \* Lapis de grafito de distintas durezas, de cores e rotuladores. Estilógrafos de diferentes grosores.
- \* Papeis de debuxo distintos tamaños e calidades. Papel vexetal. Papel de esbozo. Cartóns ou cartón pluma.
- \* Persoais de debuxo, compás, tesoiras e pegamento.
- \* Pezas ou sólidos de plástico ou madeira.  
Fotocopiadora e recursos informáticos.

#### **9.- A fotografía**

- \* Libros de consulta especializados sobre fotografía convencional e dixital. Libros de consulta sobre movementos artísticos que fan uso da fotografía.
- \* Revistas, xornais e prensa en xeral.
- \* Cámaras fotográficas convencionais con accesorios e dixitais. Focos de iluminación.
- \* Papeis de debuxo. Papeis de impresión fotográfica.
- \* Persoais de debuxo, compás, tesoiras e pegamento. Fotocopiadora e recursos informáticos con escáner e impresora. Internet e o canón da aula

### **10.- O cinema**

- \* Libros de consulta especializados sobre cinematografía e cómic.
  - \* Revistas, xornais e prensa en xeral.
  - \* Cámaras de vídeo. Focos de iluminación.
  - \* Selección de DVD ou vídeos de distintos xéneros e estilos.
  - \* Aparellos reprodutores e monitor.
- Papeis de debuxo, lapis de grafito, cores e rotuladores e estilógrafos. Fotocopiadora e recursos informáticos con escáner e impresora. Internet e o canón da aula

### **11.- As imaxes dixitais**

- \* Libros e manuais de consulta especializados.
- \* Suplementos de prensa dedicados ao tema.
- \* Software estándar (Microsoft Office) e equipo informático básico.
- \* Programas accesibles de retoque fotográfico.
- \* Cámara fotográfica dixital. Fotocopiadora, escáner e impresora. Internet e o canón da aula

### **12.- Creación de imaxes por computador**

- \* Libros e manuais de consulta especializados.
  - \* Suplementos de prensa dedicados ao tema.
  - \* Software estándar (Microsoft Office) e equipo informático básico. Programas accesibles de tratamento de imaxes, deseño gráfico e animación. Fotocopiadora, escáner e impresora.
- Monitor, reprodutor e DVD alusivos ao tema. Internet e o canón da aula.

## AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos da **Educación Secundaria Obrigatoria** debe reunir estas propiedades:

- Ser **continua**, porque debe atender á aprendizaxe como proceso, contrastando diversos momentos ou fases.
- Ter **carácter formativo**, porque debe ter un carácter educativo e formador e ha de ser un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
- Ser **integradora**, porque atende á consecución do conxunto dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes.
- Ser **individualizada**, porque se centra na evolución persoal de cada alumno.
- Ser **cuantitativa**, na medida que aprecia todos os aspectos que inciden en cada situación particular e avalía de maneira equilibrada diversos aspectos do alumno, non só os de carácter cognitivo.

No desenvolvemento da actividade formativa, definida como un proceso continuo, existen varios momentos clave, que inciden dunha maneira concreta no proceso de aprendizaxe:

MOMENTO	Características	Relación co proceso ensino-aprendizaxe
INICIAL	<ul style="list-style-type: none"><li>-Permite coñecer cal é a situación de partida e actuar desde o principio de maneira axustada ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.</li><li>-Realízase ao principio do curso ou unidade didáctica, para orientarse sobre a programación, metodoloxía a utilizar, organización da aula, actividades recomendadas, etc.</li><li>-Utiliza distintas técnicas para establecer a situación e dinámica do grupo clase en conxunto e de cada alumno individualmente.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Afectará máis directamente ás primeiras fases do proceso: diagnóstico das condicións previas e formulación dos obxectivos.</li></ul>



<p>FORMATIVA-CONTINUA</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Valora o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do mesmo.</li> <li>-Orienta as diferentes modificacións que se deben realizar sobre a marcha en función da evolución de cada alumno e do grupo, e das distintas necesidades que vaian aparecendo.</li> <li>-Ten en conta a incidencia da acción docente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplícase ao que constitúe o núcleo do proceso de aprendizaxe: obxectivos, estratexias didácticas e accións que fan posible o seu desenvolvemento.</li> </ul>
<p>SUMATIVA-FINAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Consiste na síntese da avaliación continua e constata como se realizou todo o proceso.</li> <li>-Reflicte a situación final do proceso.</li> <li>-Permite orientar a introdución das modificacións necesarias no proxecto curricular e a planificación de novas secuencias de ensino-aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ocúpase dos resultados, unha vez concluído o proceso, e trata de relacionalas coas carencias e necesidades que no seu momento foron detectadas na fase do diagnóstico das condicións previas.</li> </ul>

Así mesmo, contéplase no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación, de maneira que os alumnos implíquense e participen no seu propio proceso de aprendizaxe. Deste xeito, a avaliación deixa de ser unha ferramenta que se centra en resaltar os erros cometidos, para converterse nunha guía para que o alumno comprenda que lle falta por conseguir e como pode logralo.

## OS REFERENTES PARA A AVALIACIÓN

Os estándares **de aprendizaxe avaliados**, son a referencia concreta fundamental á hora de avaliar. As ferramentas de avaliación que se propoñan, por tanto, non deben tentar medir o grao de consecución dos contidos en si mesmos, senón dos estándares de aprendizaxe propostos que, intrinsecamente, sempre implicará a adquisición dos contidos asociados.

Para medir o **grao de consecución de cada competencia clave**, propónse o seguinte baremo para a materia de «Educación Plástica Visual e Audiovisual»:

COMPETENCIA CLAVE	PESO DA MATERIA
Comunicación lingüística	10 %
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	15 %
Competencia dixital	15 %
Aprender a aprender	10 %
Competencias sociais e cívicas	10 %
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	15 %
Conciencia e expresións culturais	25 %

## PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos para medir as aprendizaxes dos alumnos deberán cumprir unhas normas básicas:

- Deben ser útiles, isto é, han de servir para medir exactamente aquilo que se pretende medir: o que un alumno sabe, fai ou como actúa.
- Deben ser viables, a súa utilización non deberá entrañar un esforzo extraordinario ou imposible de alcanzar.

Entre outros instrumentos de avaliación convén citar os seguintes:

### – Exploración inicial

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese realizar unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informarlle sobre o seu grao de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de Avaliación Inicial.

### – Caderno do profesor

É unha ferramenta crucial no proceso de avaliación. Debe constar de fichas de seguimento personalizado, onde se anoten todos os elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etc.

Para completar o caderno do profesor será necesaria a observación diaria, supervisar o caderno ou cartafol do alumno, tomar nota das súas intervencións e anotar as impresións obtidas en cada caso. Entre os aspectos que precisan dunha observación sistemática e análise de tarefas destacan:

- **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.
- **Participación nas actividades da aula**, como debates, postas en común..., que son un momento privilexiado para a avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.
- **Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.**
- **Caderno de clase**, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos. Nel consignaranse os traballos escritos, desenvolvidos individual ou colectivamente na aula ou fóra dela, que os alumnos deban realizar a petición do profesor. O uso da correcta expresión escrita será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno. A súa actualización e corrección formal permiten avaliar o traballo, o interese e o grao de seguimento das tarefas do curso por parte de cada alumno e axudará a valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza do mesmo.

### – Probas obxectivas

Deben ser o máis variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, á súa vez, de varios tipos:

- De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.
- De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interrelacións entre factores diversos, argumentar lóxicamente, etc. Estas tarefas **competenciais** perseguen a realización dun produto final significativo e próximo á contorna cotiá.
- De investigación: aprendizaxes baseadas en problemas (PBL).
- Traballos individuais ou colectivos sobre un tema calquera.

### – Fichas de observación de actitudes do grupo-clase.

### – Rúbricas de avaliación:

- Rúbricas para a avaliación: de cada unidade didáctica, da tarefa competencial, do traballo realizado nos aprendizaxes baseadas en problemas e de comprensión lectora.
- Rúbricas para a auto-avaliación do alumno: da tarefa competencial, de traballo en equipo, de exposición oral e de comprensión lectora.
- Fichas-rexistro para a valoración da expresión oral e escrita.

## MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Os mecanismos de recuperación están en función de todo o anteriormente exposto. Entendemos que cada alumno ha de recuperar aquilo no que non logrou os obxectivos propostos, de modo que:

- a) Deberá rectificar a súa actitude se aí está a súa dificultade.
- b) Deberá facer ou rectificar aqueles traballos que non fixo no seu momento ou fixo de modo non satisfactorio.
- c) Deberá volver estudar os contidos conceptuais ou procedimentais se esa é a súa insuficiencia.

Desta maneira non pode haber un único mecanismo de recuperación, pois este axustarase á realidade dos alumnos en cada avaliación. A profesora acordará cos seus alumn@s o momento máis adecuado para a realización das probas ou traballos necesarios.

Os alumnos que teñan pendente de recuperación algunha avaliación anterior recibirán actividades extra de recuperación, que han de ser motivadoras, significativas e adaptadas ao modo de aprendizaxe de cada alumno, e que deben axudarlle a alcanzar os obxectivos. A modo de exemplo, propónse que a realización de devanditas actividades, nos prazos e forma que se lle establezan, podería contar un 25 % da nota de recuperación, que se completaría no 75 % restante coa nota obtida nunha proba obxectiva.

Os alumnos que han de recuperar a materia pendente do ano anterior recibirán actividades extra de recuperación que se completa cunha proba obxectiva.

Tamén para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua en función do establecido no Regulamento de Réxime Interior, debe establecerse un procedemento de actuación, preferiblemente común para todo o centro.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Han de ser coñecidos polos alumnos, porque deste xeito mellórase o proceso de ensino-aprendizaxe. O alumno debe saber que se espera del e como se lle vai avaliar; só así poderá facer o esforzo necesario na dirección axeitada para alcanzar os obxectivos propostos. Se é necesario, débesele proporcionar un modelo que imitar no seu traballo. Arbitrarase, tamén, o modo de informar os criterios de avaliación e cualificación ás familias dos alumnos, así como os criterios de promoción.

Os criterios de cualificación deberían, idealmente, ser acordados por todos os profesores que imparten clase ao grupo, e deberían ser coherentes en todas as materias que se imparten no centro.

Os resultados de avaliación expresaranse con números sen decimais de 1 a 10, que se engadirán ás seguintes cualificacións: Sobresaliente (9, 10), Notable (7, 8), Ben (6), Suficiente (5) ou Insuficiente (4, 3, 2, 1). A cualificación «Non presentado» só poderá usarse cando o alumno non se presente ás probas extraordinarias, salvo que obtivese outra cualificación na avaliación final ordinaria, caso no que se porá a mesma cualificación.

A modo de exemplo, propónse o seguinte esquema para o cálculo da cualificación:

**1. A cualificación do trimestre terá en conta todos os instrumentos de avaliación:**

Probas escritas u orais avaliáveis      **40%**

Traballo en láminas  
Presentación portafolio      **60 %**  
Traballos TIC.  
Proxectos

**2. Faltas de ortografía:** cada falta de ortografía penalízase con -0,25 puntos:

- Si o número de faltas descende significativamente ao longo do trimestre, non se terán en conta na cualificación do alumno.
- Si a media de faltas está entre 0 e 2 ao longo do trimestre, a cualificación final incrementárase en 0,5 puntos.

**3. Presentación de cadernos, traballos e exames**

- É obrigatorio escribir a data e o enunciado dos exercicios (ou polo menos, facer referencia ao que pide cada un deles).
- Todo exercicio debe empezar a contestarse facendo referencia ao que se pregunta.
- Teranse moi en conta marxes, sangrías, signos de puntuación e caligrafía.
- Os traballos de lectura e investigación constarán dos seguintes apartados:
  - Portada.
  - Índice.
  - Contido do traballo.
  - Anexos (onde se recolla a información manexada polo alumno para elaborar o traballo, subliñada e discriminada).
  - Bibliografía comentada.
  - Contraportada (folio en branco).
- Imos potenciar o uso das novas tecnoloxías, de maneira que o alumno debe entregar determinados traballos solicitados gravados en pendrive ou a través do correo electrónico; iso si, sempre respectando as partes dun traballo, comentadas anteriormente, así como a data de entrega.

**4. Probas escritas.** Na cualificación das probas escritas valoráranse positivamente os seguintes conceptos:

- Adecuación pregunta/resposta.
- Corrección formal (lexibilidade, marxes, sangría...) e ortográfica.

- Limpeza e perfección no trazado con exactitude.
- Capacidade de síntese.
- Capacidade de definición.
- Capacidade de argumentación e razoamento.

Estes mesmos criterios adóptanse para avaliar o portafolio e o traballo diario en forma de láminas.

**5. Observación directa da actitude** mediante rúbrica ao efecto: colaboración, traballo en equipo, atención, puntualidade, etc.

Será necesario alcanzar unha avaliación positiva tanto nos contidos conceptuais como nos procedimentais e actitudinais, para proceder á acumulación das porcentaxes anteriormente citadas.

#### AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos debe ser integradora, e por iso, ha de terse en conta desde todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes. Con todo, o carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxes avaliáveis de cada unha delas. Por tanto, ao remate de cada curso valorarase o progreso global do alumno en cada materia, no marco da avaliación continua levada a cabo.

Para o alumnado con cualificación negativa, elaborárase un informe individualizado no que consten os obxectivos non alcanzados e propóñanse actividades para a súa recuperación.

Levará a cabo unha avaliación extraordinaria para estes alumnos, que debe axustarse ao recolleito no informe que se deu ao alumno. A modo de exemplo, propónse:

- A realización das actividades de recuperación propostas suporá o 40 % da nota.
- Farase unha proba escrita para avaliar si alcanzáronse os obxectivos incompletos na avaliación ordinaria, que suporá o 60 % da nota final.

#### AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E INDICADORES DE LOGRO

A avaliación da práctica docente debe enfocarse polo menos con relación a momentos do exercicio:

1. Programación.
2. Desenvolvemento.
3. Avaliación.

Ficha de auto-avaliación da práctica docente:

MATERIA:		CLASE:
PROGRAMACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.		
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.		
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.		
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.		
A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.		
DESENVOLVEMENTO		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus coñecementos previos.		
Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificou o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e foron informados os criterios de avaliación.		
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses dos alumnos, e construíronse sobre os seus coñecementos previos.		
Ofreceuse aos alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe.		

As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave.		
A distribución do tempo na aula é adecuada.		

Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).		
Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, saiban pedir aclaracións.		
Facilitáronse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, como buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc.		
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula.		
As actividades grupais foron suficientes e significativas.		
O ambiente da clase foi adecuado e produtivo.		
Proporcionouse ao alumno información sobre o seu progreso.		
Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia.		
Houbo coordinación con outros profesores.		

AVALIACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.		



Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.		
Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, auto-avaliación e coevaluación.		
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, tanto a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.		
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.		
Os pais foron adecuadamente informados o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.		

Ademais, sempre resulta conveniente escoitar tamén a opinión dos usuarios. Neste sentido, é interesante proporcionar aos alumnos unha vía para que poidan manifestar a súa opinión sobre algúns aspectos fundamentais da materia. Para iso, pode utilizarse unha sesión informal na que se intercambien opinións, ou ben pasar unha sinxela enquisa anónima, para que os alumnos poidan opinar con total liberdade.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O deseño que presentamos trata de ser o suficientemente flexible para propor unha ensinanza o máis personalizada posible. Para iso contempla, dende diversos ángulos, a posibilidade de atender aos distintos niveis e circunstancias que poden presentarse nun mesmo grupo. Ditos aspectos serán, fundamentalmente, catro:

- 1. Atención na programación.** Tendo en conta que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os conceptos tratados, a programación está deseñada de modo que asegura un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa, prestando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento.
- 2. Actividades diferenciadas.** Contémplase tamén a posibilidade de deseñar e realizar actividades específicas de reforzo e de ampliación para aqueles alumnos que así o precisen. Por outro lado, moitas das actividades propostas poderán, á súa vez, ter distintos niveis de dificultade que o propio profesor determinará en cada caso en función das capacidades do alumno e o grupo. Ademais contemplaremos, sempre, a posibilidade de que sexa o propio alumno quen tome a decisión do nivel escollido para a

realización da actividade, aumentando a motivación do alumno xa que escolle a fórmula que máis lle gusta.

**3. Metodoloxías diversas.** O modelo xeral dos métodos de traballo que se empreguen debe ser tal que a ensinanza/aprendizaxe resulte realmente activa e creativa, nunca repetitiva nin imitativa. Naturalmente cada tipo de contidos requirirá un método axustado ás súas características, pero a cuestión, agora, é a

diversificación de métodos segundo a diversidade do alumnado. En xeral, as formas didácticas terán en conta o punto de partida de cada alumno/a e do grupo en xeral, establecido nunha avaliación inicial (e no diálogo permanente que se establece no proceso de ensino/aprendizaxe), as súas dificultades específicas e as súas necesidades de comunicación.

**4. Diferentes agrupamentos.** Hai certo tipo de contidos, principais ou prioritarios, que se agarda deban alcanzar todos os alumnos, e que, pola súa natureza, poden transmitirse a un gran grupo (o grupo-aula no seu conxunto). De igual forma certo tipo de actividades, como as relativas á investigación sobre calquera asunto, e os proxectos, poden facer aconsellable que se fagan diferentes agrupamentos, xa que unha maior homoxeneidade entre os alumnos facilita ao profesor a distribución de material de apoio e, sobre todo, facilita a intercomunicación entre os propios estudantes co conseguinte enriquecemento conceptual e humano. Por iso, no desenvolvemento do curso académico utilizaranse diversas técnicas de agrupamento (libre por iniciativa dos alumnos, libre con influencia do profesor, condicionado polo profesor) co obxectivo de procurar non só a aprendizaxe dos contidos escolares senón tamén a socialización dos alumnos, a cooperación e o traballo en equipo. Ao mesmo tempo, as técnicas de agrupamento pretenden favorecer o feito de que alumnas e alumnos aprendan a aceptarse mutuamente e a cooperar, con vistas á consecución duns obxectivos previamente establecidos, mellorando o desenvolvemento intelectual e afectivo dos estudantes.

Prestarase especial atención aos alumnos con NEE (necesidades educativas especiais) e aos alumnos repetidores (de curso / e de curso e materia) co fin de adoptar, dentro do posible, en coordinación co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente, e seguindo os distintos protocolos publicados pola Consellería de Educación, as medidas de atención á diversidade necesarias en cada caso (adaptacións curriculares significativas e non significativas).

Na avaliación inicial realizarase unha recompilación de información o máis detallada posible sobre estes alumnos (complementando a proporcionada directamente por eles nas probas de avaliación e na observación directa de aula), atendendo á diversidade de fontes, fundamentalmente, Departamento de Orientación, titores e resto do profesorado, especialmente aqueles que lles deron clase en cursos anteriores. Nalgunhas circunstancias, pode ser aconsellábel, tamén, a entrevista directa coa familia; e, por suposto, non hai que desatender a información proporcionada polos seus propios compañeiros de aula. No caso de alumnos que repitan a materia cómpre ter en conta as causas que os levaron a ese resultado para así tentar actuar sobre elas.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A presente materia pretende contribuir ao desenvolvemento dos elementos transversais sinalados na lexislación vixente dende diversos ángulos e con diversa intensidade en función do curso e das particularidades dos diferentes grupos de alumnos.

Serán ferramentas de uso diario na aula a **comunicación oral e escrita** e a **comunicación visual e audiovisual** (esta última, ademais, obxecto de estudo da materia), así como **as tecnoloxías da información e da comunicación**; **o espírito emprendedor** (a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico) fomentárase en todo o proceso de ensinanza- aprendizaxe; e **os valores da educación cívica e constitucional** guiarán en todo momento o comportamento e as relacións dentro da aula. Así mesmo, preténdese que os devanditos valores sexan tratados en relación ao desenvolvemento teórico-práctico dalgún dos contidos programados nos distintos niveis (como punto de partida ou marco temático para o desenvolvemento dalgún proxecto de deseño).

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Prevese a posible utilización doutros recursos complementarios que estean ao noso alcance:

- **Biblioteca** do centro.
- Realización de **visitas didácticas** coincidindo con algunha das exposicións programadas polas distintas institucións, organismos culturais ou empresas da nosa contorna (concello, universidade, fundacións.
- Participación en **exposicións e certames artísticos**, organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos
- Colaboración cos distintos **proxectos do centro**.

## DEBUXO TÉCNICO II 2º BACHARELATO

## OBXECTIVOS

### OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

**No que atinxe á materia de Debuxo Técnico, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:**

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

— Obter e seleccionar a información de forma intelixente, tendo en conta os obxectivos, os requisitos establecidos e as propias posibilidades, analízala con sentido crítico e presentala e organizala de forma orixinal e intelixible.

— Valorar e utilizar de maneira responsable as novas tecnoloxías como ferramentas para obter e procesar información diversa, á hora de facer os traballos escritos (ordenador), na consulta de libros das bibliotecas e nas exposicións orais (Internet, audiovisuais...), para mellorar as producións propias.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

— Captar a organización e a estrutura dos contidos das diversas materias, establecendo relacións entre elas e con outros coñecementos, e utilízalos eficazmente en distintas situacións, como tamén para levar a cabo novos aprendizaxes.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de maneira crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto deica o medio ambiente.

— Coñecer as técnicas e os procedementos de traballo intelectual propios das diversas materias, selecciónalos conscientemente segundo o obxectivo previsto e aplícalos correctamente, autorregulando o proceso seguido.

— Desenvolver o sentido crítico respecto do progreso científico e técnico, valorando de forma ponderada a súa contribución á mellora da calidade de vida e rexeitando posibles aplicacións que atenten contra as persoas ou o entorno.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.

— Mostrar iniciativa e autonomía na participación de tarefas tanto individuais como colectivas, desenvolvendo capacidades como a seguridade en un mesmo, a aportación de ideas, tomando decisións e valorando as opinións dos demais.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO

**Os obxectivos específicos para 2º curso de Bacharelato serán os seguintes:**

- Adquisición de competencias ao utilizar o vocabulario específico de debuxo técnico.
- Valorar a precisión, claridade e obxectividade como camiños para facilitar a comprensión dos problemas gráficos en debuxo técnico.
- Usar os elementos propios da linguaxe gráfica para transmitir información.
- Coñecer a orixe e o uso da xeometría como unha ferramenta básica para o desenvolvemento de solucións razoadas ante problemas gráficos.
- Introducir os fundamentos básicos da Xeometría Analítica, a través da resolución de problemas xeométricos no plano e no espazo.

- Avaliar a utilidade da normalización como unha ferramenta básica para simplificar tanto a produción como a comunicación.
- Comprender a linguaxe e normas UNE e ISO como ferramentas adecuadas para representar formas.
- Representar loxicamente formas mediante croques acoutados que xustifiquen a validez das normas UNE e ISO.
- Codificar e descodificar información segundo as normas UNE e ISO, para entender as diversas formas existentes.
- Entender, de acordo coas formalismos gráficos habituais, enunciados verbais de problemas propios do debuxo técnico.
- Desenvolver nos alumnos hábitos e actitudes propias do modo de facer do debuxo técnico, entendido como un proceso dinámico ligado ó proceso científico-tecnolóxico e da humanidade.
- Descubrir o patrimonio natural, histórico e artístico de cada comunidade a través do debuxo, dando novas respostas aos problemas de adaptación ao medio ambiente e aos cambios sociolóxicos e tecnolóxicos.
- Adquirir competencia no correcto acabado do debuxo técnico, susceptible ás melloras que poden ser introducidas a través das distintas técnicas gráficas na representación.
- Avaliar as novas ferramentas e técnicas gráficas para contrastar, nun contexto de avaliación crítica, a consistencia da información analizada.
- Analizar e avaliar o potencial do debuxo técnico para comprender a realidade e actuar sobre ela.
- Desenvolver unha base sólida, consolidando os coñecementos, para poder expresarse con precisión e claridade.
- Empregar a precisión para conseguir solucións gráficas e obxectivas.
- Aplicar o desenvolvemento de competencias e habilidades para sacar conclusións sobre situacións reais que poden ser expresadas gráficamente.

## CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As sete competencias clave, desenvolvidas na introdución ao presente deseño curricular, representan a dotación cultural mínima que todo cidadán debe adquirir. A materia de Debuxo Técnico, polo seu carácter teórico-práctico e integrador permite, coa aplicación directa dos seus contidos, o desenvolvemento de todas as competencias clave, contribuíndo a todas elas en maior o menor medida.

### **CCL Competencia en comunicación lingüística**

O Debuxo Técnico supón en si mesmo unha modalidade de comunicación visual de carácter universal, que precisa dunhas destrezas orais e escritas acompañando aos recursos gráficos e tecnolóxicos. De forma oral, os alumnos deberán debater nas resolucións de problemas, formulacións de estratexias e presentacións de proxectos; e de forma escrita, describir elementos, aplicacións xeométricas, procedementos e relacións entre sistemas de representación. Débese considerar, ademais, a comunicación mediante linguaxes gráficas como a cotación, presente en croques e planos técnicos.

Ao mesmo tempo, o alumno deberá afacerse a usar unha nomenclatura específica e un vocabulario técnico propio da materia, tanto en relación cos instrumentos de debuxo como cos procedementos e materiais da industria, a arquitectura, o deseño e a arte.

É importante destacar, novamente, que a aprendizaxe do Debuxo Técnico como linguaxe universal e obxectiva proporciona un medio de expresión e comunicación de ideas indispensable tanto no desenvolvemento de procesos de investigación científica como na comprensión gráfica de proxectos tecnolóxicos cuxo fin último sexa a creación e fabricación dun produto.

### **CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

En maior medida, a materia de Debuxo Técnico vincúlase coa competencia matemática en canto a que a súa natureza é de razonamento matemático (a xeometría non é máis ca unha parte das matemáticas).

A interpretación e comunicación de datos presentes en toda a materia levan implícitas habilidades en análises matemáticas, sendo necesarias destrezas no manexo de cantidades: cálculos, medicións, tamaños, escalas e proporcións.

A resolución de problemas xeométricos de xeito gráfico, a análise das relacións entre diferentes obxectos planos ou tridimensionais (proporcionalidade, semellanza, escalas) e o estudo do espazo e a forma (posicións relativas entre elementos xeométricos, representacións gráficas no plano e no espazo e os sistemas de representación de obxectos e volumes), contribuirán ao desenvolvemento desta competencia.

Mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e a análise posterior, derivando no desenvolvemento do pensamento crítico, contribuirase á adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía, desenvolvendo tamén destrezas que permitan utilizar e manipular diferentes ferramentas tecnolóxicas, como a representación de pezas industriais e mecánicas, deseños de construción e estruturas.

### **CD Competencia dixital**

A competencia dixital é desenvolvida a través do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na realización de proxectos, como medio para a procura e selección de información de xeito crítico e reflexivo e o seu procesamento e comunicación en diferentes soportes; sendo un dos obxectivos propios da materia dotar ao alumno de habilidades e destrezas no uso de programas informáticos específicos de debuxo, como os de deseño vectorial en 2D e modelado en 3D. Estas ferramentas, ademais de proporcionarlle novos soportes e recursos de representación gráfica, achégao, ao mesmo tempo, ao panorama creativo contemporáneo.

### **CAA Competencia de aprender a aprender**

Dado o carácter eminentemente práctico da materia de Debuxo Técnico favorécese a competencia de “aprender a aprender” en gran medida, xerando actividades nas que o alumno debe persistir na aprendizaxe, comprendendo principios e fundamentos e aplicándoos e relacionándoos con outros contidos.

En moitas ocasións, a resolución de problemas conleva a reflexións e tomas de decisións que contribúen a unha aprendizaxe máis autónoma. As diversas representacións gráficas e as súas aplicacións concrétanse mediante estratexias reflexivas de planificación e estratexias de supervisión e avaliación do proceso e dos resultados obtidos.

O alumno traballará de xeito activo organizando o seu propio proceso de aprendizaxe e xestionando o tempo e a información eficazmente, tomando conciencia das propias necesidades, determinando as oportunidades dispoñibles, e sendo quen de superar os obstáculos coa fin de culminar a tarefa con éxito. Esta materia fomenta a motivación e a confianza nun mesmo, aplicando o apreso a diversos contextos.

### **CSC Competencias sociais e cívicas**

A estas competencias contribúen os proxectos cooperativos da materia onde os alumnos adquirirán conceptos básicos na organización do traballo, o respecto polas ideas e creacións alleas, do mesmo xeito que a aceptación de responsabilidades e decisións democráticas e consensuadas.

Os alumnos elaborarán e expoñerán os seus propios proxectos enfocados á resolución dun problema, de maneira que deberán desenvolver a capacidade de comunicarse de xeito construtivo, expresando e comprendendo puntos de vista diferentes, fomentando actitudes de colaboración, seguridade nun mesmo, integridade e honestidade, e

adquirindo destrezas como a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público.

Os referentes profesionais da industria, a arquitectura ou a arte nos que se aplica o Debuxo Técnico deberán contribuír á non discriminación e á igualdade entre homes e mulleres.

#### **CSIEE Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

O Debuxo Técnico como disciplina require das capacidades de autocontrol e análise necesarias para o desenvolvemento de calquera proxecto de creación e investigación: planificar, organizar, xestionar e tomar decisións; por iso, entre os contidos da materia inclúense: a planificación previa na resolución de problemas, a elaboración de proxectos, a iniciativa, a innovación, a autonomía e a independencia, como factores que contribúen á aprendizaxe eficaz e ao desenvolvemento persoal das alumnas e os alumnos. Igualmente, foméntase a habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborativo dentro dun equipo, e para asumir responsabilidades, desenvolvendo a capacidade de pensar de forma creativa, o sentido e o pensamento crítico, e o sentido da responsabilidade.

Os proxectos, ben sexan cooperativos ou individuais, contribúen á adquisición de capacidades propias desta competencia que permiten transformar as ideas en actos, posibilitando o desenvolvemento da creatividade e da innovación, e aportando, tamén, o recoñecemento de actividades persoais, profesionais e comerciais dentro dun contexto próximo ao mundo laboral.

#### **CCEC Competencia de conciencia e expresións culturais**

O Debuxo Técnico aporta as capacidades creativas do deseño industrial, estéticas e de valor crítico do patrimonio arquitectónico e, en xeral, as capacidades comunicativas de calquera imaxe. Integra actividades e coñecementos no campo cultural onde se mostra a relevancia dos aspectos estéticos do Debuxo Técnico, favorecéndose o desenvolvemento da sensibilidade artística e o criterio estético.

Así mesmo, cando se analizan as achegas que fixeron as culturas de diferentes épocas ao Debuxo Técnico, colabórase no coñecemento dos factores de evolución e antecedentes históricos do mundo contemporáneo.

Desde a súa vertente xeométrica, o Debuxo Técnico tamén pode ser utilizado como ferramenta de lectura e comprensión no campo da arte, non só como elemento indispensable na concepción da estrutura interna e composición, senón, na maioría das ocasións, como linguaxe oculta transmisora de mensaxes e ideas dentro das obras de arte creadas en diferentes épocas históricas.

Para o desenvolvemento e logro das competencias que os obxectivos xerais perseguen deséñase o currículo específico para cada un dos cursos previstos (regulándose a relación entre os devanditos obxectivos e competencias clave, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os contidos), así como as medidas que posibilitan o seu posterior desenvolvemento e aplicación dentro do sistema educativo vixente.



## PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:	Aprender a aprender (2º bacharelato)
--------------------	--------------------------------------

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER		
PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS	NIVEL DE LOGRO
Organizar o propio proceso de aprendizaxe en grupo ou individualmente	[2º-DT2.B1.1.3.] , [2º-DT2.B2.2.1.] , [2º-DT2.B1.2.2.] , [2º-DT2.B2.2.4.] ,	- A maioría dos argumentos están organizados ao redor de unha idea principal dunha forma clara e lóxica.
Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades.	[2º-DT2.B1.1.3.] , [2º-DT2.B2.2.1.] , [2º-DT2.B1.2.2.] , [2º-DT2.B2.2.4.] ,	- Goza e manifesta interese en algúns aspectos da súa aprendizaxe
Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.	[2º-DT2.B2.2.1.] , [2º-DT2.B1.1.3.] , [2º-DT2.B1.2.2.] , [2º-DT2.B2.2.4.] ,	- Está motivado para aprender e acada resultados exitosos baseados no seu esforzo.

## PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:	Aprender a aprender	
Nivel	Área	Estándares
2º	DT	2º-DT2.B1.1.3. - Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.
2º	DT	2º-DT2.B1.2.2. - Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
2º	DT	2º-DT2.B2.2.1. - Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.

2º	DT	2º-DT2.B2.2.4. - Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano para obter verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
----	----	---

Competencia Clave:	Comunicación Lingüística (2º bacharelato)
--------------------	---

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA							
PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS		RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO				
	Expresión oral  códigos estándares	Expresión escrita  códigos estándares	oral e escrito				
				A	B	C  nivel de logro mínimo	D
Planificar	[2º-DT2.B1.1.1 .], [2º-DT2.B.1.2. 1.], [2º-DT2.B1.3.1 .],	[2º-DT2.B1.1.1 .], [2º-DT2.B.1.2. 1.], [2º-DT2.B1.3.1 .],	ORAL	- Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles.	- Expón gran partes das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema.	- Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	- Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.
			ESCRITO	- Non expón a maioría das ideas principais ni nos detalles.	- Expón gran partes das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema.	- Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	- Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.
Crear un texto coherente	[2º-DT2.B1.1.1 .], [2º-DT2.B.1.2. 1.], [2º-	[2º-DT2.B1.1.1 .], [2º-DT2.B.1.2. 1.], [2º-	ORAL	- Estrutura textual sen continuidade temática(introdución, desenvolvemento e conclusión) e información desorganizada	- Existe un erro puntual na estrutura textual e outro na progresión da información.	- Existe un erro puntual na estrutura textual e outro na progresión da información ou na correcta organización en parágrafos.	- Estrutura textual con continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información progresiva. Correcta organización en parágrafos.

	DT2.B1.3.1 .],	DT2.B1.3.1 .],	ESCRITO	- Existen mais de oito erros en total no uso dos conectores(sinónimos ,marcador	- Existe un máximo de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marca	- Existe un máximo de catro erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marca	- Información ben enlazada tanto por conectores gramaticais como léxicos. Uso correcto dos signos
--	-------------------	-------------------	---------	---	---	--	---

				es do discurso, pronomes, conxuncións, ...) enos signos de puntuación.	dores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) enos signos de puntuación.	dores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) enos signos de puntuación.	de puntuación
Cohesionar ideas			ORAL				
			ESCRITO				
Adecuarseó contexto			ORAL				
			ESCRITO				
Presentación	X		ESCRITO				
Fluidez		X	ORAL				
Revisión dos textos			ORAL				
			ESCRITO				

### PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:		Comunicación Lingüística
Nivel	Área	Estándares
2º	DT	2º-DT2.B.1.2.1. - Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
2º	DT	2º-DT2.B1.1.1. - Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seuselementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.
2º	DT	2º-DT2.B1.3.1. - Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.

### PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ		
PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS	NIVEL DE LOGRO
Interpretar fenómenos e problemas sociais para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos	[2º-DT2.B3.1.1.] ,	- Case sempre busca e suxire solución a os problemas

Traballo cooperativo (Interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e as conviccións democráticas.)	[2º-DT2.B3.1.1.] ,	- Usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros. Non causa problemas no grupo.
Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional.	[2º-DT2.B3.1.1.] ,	- Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase. Un membro forte do grupo que se esforza.
Participar plenamente na vida cívica de forma activa e democrática.		

## UNIDADES DIDÁCTICAS

### 1.- Introducción á linguaxe gráfica

Debuxo artístico.

Debuxo científico.

Deseño gráfico.

Sinalética.

O libro e a publicidade.

Debuxo técnico.

Deseño industrial. Debuxo arquitectónico. Debuxo cartográfico. Debuxo por ordenador.

O círculo, o triángulo, o cadrado.

Do bidimensional ás tres dimensións.

Movimentos artísticos. De Stijl. O supematismo. Constructivismo. A Bauhaus.

### 2.- Trazados no plano

